

ESCUDERÍA LALÍN-DEZA
Don Mateo Varela Fernández
Campo da feira novo s/n
36500 LALÍN

Traslado, para o seu coñecemento e efectos, que a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 24 de xullo de 2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo que literalmente transcribo:

“

4.- AUTORIZACIÓN E INFORME PARA A CELEBRACIÓN DA PROBA DEPORTIVA DENOMINADA “1º SLALOM DE RODEIRO”

Dáse conta aos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes da entrada no Rexistro municipal do seguinte documento:

- Escrito de data 14 de xullo do corrente (RE-E núm. 448) asinado por Don Mateo Varela Fernández, na súa condición de presidente da Asociación Escudería Lalín-Deza, con CIF núm. G36266443 e con domicilio social en Lalín, polo que comunica ao Concello a celebración o vindeiro día 16 de agosto do corrente da proba deportiva denominada “1º SLALOM DE RODEIRO”, que se desenvolverá en vías urbanas e interurbanas do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro.

Debidamente informados de canto antecede e á vista da documentación achegada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a utilización das rúas e estradas de titularidade municipal previstas para a celebración da proba deportiva solicitada. Esta autorización outórgase condicionada ao cumprimento da normativa de aplicación e sen prexuízo de calquera outro permiso ou autorización procedente e, en concreto, a dos titulares doutras estradas afectadas pola proba neste termo municipal (Deputación Provincial e Xunta de Galicia). Asemade, a organización deberá sinalizar axeitadamente o percorrido e adoptar as medidas oportunas para garantir a seguridade dos vehículos, peóns e espectadores. Aos citados efectos, deberá contar cunha póliza en vigor que asegure os eventuais danos e a súa correspondente responsabilidade civil.

Segundo.- Informar de xeito favorable a súa viabilidade, de conformidade co previsto no punto 2.2 a) da sección 1ª do Anexo II do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación.”

RECURSOS: Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado de lo Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, dende a notificación do presente acordo, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13



de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa. No obstante, o interesado poderá optar por interpoñer contra este mesmo acordo recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a partir da súa notificación, ante o Concello; nese caso non procederá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente citado, en tanto non se produza resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de conformidade co establecido nos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo de que o interesado poida exercer calquera outro recurso que estime procedente.

Rodeiro, 28 de xullo de 2025

O secretario do Concello
(*sinatura dixital*)

José M^a Novo Ramos

